Os recoñecementos médicos serán realizados polo Servizo de Prevención Aleo contratado, CUALTIS SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U, que realizará o control do estado de saúde dos traballadores/as en función dos riscos inherentes ao seu posto de traballo, aplicando os protocolos específicos segundo os riscos derivados do posto de traballo.

Os protocolos aplicables a cada colectivo figuran nunha táboa que está a disposición no Servizo de Prevención de Riscos Laborais, ou en CUALTIS SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.

O persoal poderá realizar a súa solicitude a través dos seguintes accesos:

-Para o persoal traballador da Administración Xeral : o acceso realizarase por PORTAX

-Para o persoal traballador da Administración de Xustiza: o acceso realizarase por OPAX

Os/as responsables dos centros de traballo facilitarán a inscrición telemática do seu persoal traballador, especialmente a de aqueles que non dispoñan de medios informáticos.

A convocatoria realizarase mediante a publicación no DOG e será reforzada co envío de correos electrónicos masivos ao dominio @xunta.gal, para o ámbito da Administración xeral da Xunta de Galicia.

SOLICITUDE:

A solicitude realizarase para o centro médico ofertado máis próximo ao centro de traballo onde o/a traballador/a preste os seus servizos.

Farase de forma individualizada conforme establece a convocatoria e xerará un xustificante en formato pdf., que deberá presentarse debidamente cuberto e asinado ao persoal sanitario na data da cita no centro médico que corresponda. Este documento é personalizado e contén un código de seguridade para o control e a modificación da cita.

Durante o ano 2015 implantouse a posibilidade de acceder aos resultados de forma telemática mediante o envío dunhas claves persoais ao correo electrónico dos traballadores/as que así o indicaron. En xeral, a medida tivo boa acollida, mellorando os prazos de entrega ao que se engade a comodidade de poder consultar o historial da vixilancia da saúde e poder imprimilo cando sexa preciso.

CONDICIÓN XERAIS:

Garántese a vixilancia da saúde dos traballadores e traballadoras:

1. Inicial, despois da súa incorporación ao traballo ou despois da asignación de tarefas específicas con novos riscos para a saúde
2. Cando volvan ao traballo logo dunha ausencia prolongada por motivos de saúde
3. A intervalos periódicos

A vixilancia da saúde, en función dos riscos inherentes ao traballo, comprenderá:

- Historia clínica
- Exploración clínica con control da visión, estereometría, otoscopia, audiometría e electrocardiograma
- Analítica de sangue e de ouriños

- A vixilancia da saúde someterase aos protocolos específicos que, se é o caso, existan e sexan de obrigada aplicación

A maiores, fóra xa do ámbito da vixilancia da saúde, e salvo que se estableza no protocolo médico específico para os riscos asociados ao posto de traballo, poderanse solicitar as seguintes probas:

- Exame médico para mulleres que comprenderá: estudo citolóxico, exploración mamaria e mamografía, se procede
- Proba específica para homes maiores de 50 anos: determinación do antíxeno prostático en sangue (PSA)

FORMACIÓN

Para o cumprimento dos aspectos básicos que fixa a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) referente a formación do persoal da administración, precepto que ven recollido no Art. 14, como un *"dereito á protección fronte ós riscos laborais"* e no Art. 19 LPRL: *"En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá de garantir que cada traballador/a reciba unha formación teórica e práctica, suficientemente axeitada en materia preventiva, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración de esta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo. A formación deberá estar centrada especificamente no posto de traballo en función de cada traballador/a, adaptarse á evolución dos riscos e á aparición de outros novos e repetirse periodicamente, se fora necesario"*, prográmase a formación para o ano 2022:

TIPOLOXÍA E CONTIDO DAS ACCIÓNS FORMATIVAS:

1º.-FORMACIÓN CONTINUA EGAP

Curso: "Prevención de riscos Laborais- Nivel Básico"(2 edicións)

DURACIÓN: 50 horas

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

MODALIDADE: Teleformación

MÉTODO DE AVALIACIÓN:

- 1.- Exercicios de autocomprobación
- 2.- Actividade
- 3.- Exame Presencial

DIRIXIDO: A persoal funcionario/ laboral da Administración xeral da Xunta de Galicia, preferentemente, para os membros dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral, exceptuando ao persoal que presta servizos nos centros

sanitarios do SERGAS e nos centros educativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CONTIDO: O contido do Curso, segundo o establecido no RSP é o seguinte:

1.- Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo

- Traballo e a Saúde: Os riscos profesionais. Factores de risco
- Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo as enfermidades profesionais. Outras patoloxías derivadas do traballo
- Marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais. Dereitos e deberes básicos en esta materia

2.- Riscos xerais e a súa prevención

- Riscos ligados ás condicións de Seguridade
- Riscos ligados ó medio- ambiente de traballo
- A carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral
- Sistemas elementais de control de riscos. Protección colectiva e individual
- Plans de emerxencia e evacuación
- Control da saúde dos traballadores

3.- Riscos específicos e a súa prevención no sector correspondente á actividade da empresa

4.- Elementos básicos de xestión da prevención de riscos

- Organismo públicos relacionados coa Seguridade e Saúde no Traballo
- Organización do traballo preventivo: "rutinas" básicas
- Documentación: recollida, elaboración e arquivo

5.- Primeiros auxilios

Curso: "Os Primeiros Auxilios"(2 edicións)

DURACIÓN: 20 horas

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

MODALIDADE: Teleformación

MÉTODO DE AVALIACIÓN:

- 1.- Exercicios de autocomprobación
- 2.- Clase práctica

OBXECTIVO: Capacitar aos traballadores/as da Xunta de Galicia para a prestación da asistencia inmediata ás vítimas de accidentes antes da chegada de persoal médico especializado.

DIRIXIDO: A persoal funcionario / laboral da Administración xeral da Xunta de Galicia exceptuando ao persoal que presta servizos nos centros sanitarios do SERGAS e nos centros educativos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

CONTIDO:

Módulo 1.- ¿Que son os primeiros auxilios?

Módulo 2.- Activación do sistema de emerxencia:

- A cadea de socorro: testemuñas, teléfonos, socorristas
- Material de primeiros auxilios e caixa de urxencia

Módulo 3.- Valoración da vítima:

- Sistemas fundamentais do corpo humano
- As constantes vitais
- Situacións clínicas

Módulo 4.- Hemorraxias:

- Concepto
- Tipos de hemorraxias
- Hemorraxias externas
- Hemorraxias internas

Módulo 5.- Shock:

- Cómo recoñecer un estado de shock
- ¿Qué facer en caso de shock?

Módulo 6.- Estados de inconsciencia

Módulo 7.- Respiración artificial:

- Parada respiratoria e causas
- Respiración artificial.
- Outros métodos de respiración artificial

Módulo 8.- Reanimación cardiopulmonar (R.C.P.):

- Parada cardiorespiratoria
- Reanimación cardiopulmonar (R.C.P. Básica)

Módulo 9.- Atragoamentos:

- Forma de actuar

Módulo 10.- Feridas:

- Tipos de feridas
- Limpeza e cura de feridas
- Amputacións

Módulo 11.- Queimaduras:

- Queimaduras térmicas
- Queimaduras químicas
- Queimaduras eléctricas

Módulo 12.- Fracturas:

- Tipo de fractura
- Como recoñecer unha fractura e actuación
- Fractura de columna vertebral
- Escordaduras e luxacións
- Polifracturado ou politraumatizado

Módulo 13.- Intoxicacións:

- Intoxicación por inxestión
- Intoxicación por inhalación
- Intoxicación por contacto

Módulo 14.- Accidentes oculares:

- Corpos estraños
- Queimaduras oculares
- Traumatismos oculares

Módulo 15.- Transporte de feridos, posición de traslado

Curso: “Prevención de riscos Laborais en Oficinas e Despachos”(1 edicións)

DURACIÓN: 15 horas

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

MODALIDADE: Teleformación

- 1.- Actividade
- 2.- Exame Presencial

OBXECTIVOS:

Formar aos traballadores/as da Xunta de Galicia en materia de Seguridade e Saúde Laboral segundo o establecido no art. 19 da Lei 31/95 de prevención de riscos laborais.

DIRIXIDO: A persoal funcionario/ laboral da Administración xeral da Xunta de Galicia, que realiza traballos de carácter administrativo, exceptuando ao persoal que presta servizos nos centros sanitarios do SERGAS e nos centros educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

CONTIDO:

- O posto de traballo con pantalla de visualización de datos
- Medidas de emerxencia
- Riscos psicosociais
- Os primeiros auxilios

Curso “Prevención de riscos laborais nas actividades agroforestais, mantemento e conservación de infraestruturas en espazos abertos” (1 edición)

DURACIÓN: 20 horas

MODALIDADE: Teleformación

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

OBXECTIVO: Trasladar ao persoal os riscos específicos do traballo de campo e da utilización de maquinaria e ferramentas que empregan no seu posto de traballo

DIRIXIDO: Dirixido ao persoal da Consellería de Medio Rural e Mar e da Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas que fan labores forestais, de limpeza, de conservación e de mantemento de infraestruturas que se encontran ao aire libre

CONTIDO:

Módulo I: Xeneralidades de Prevención de Riscos Laborais

Módulo II: Traballos de campo

Módulo III: Maquinaria e ferramentas

Módulo IV: Emprego de produtos fitosanitarios

Módulo V: Seguridade viaria laboral

Módulo VI: Condicións de traballo

Curso “Prevención de riscos psicosociais: o estrés laboral” (2 edicións)

DURACIÓN: 25 horas

MODALIDADE: Mixto

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

OBXECTIVO: Comprender que son os factores psicosociais, entender como poden afectar á persoa e á organización e coñecer as características e medidas de loita contra os principais tipos de danos de orixe psicosocial.

DIRIXIDO: Persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia

CONTIDO:

FACTORES DE RISCO PSICOSOCIAL:

Definicións

Síndrome do queimado (Burnout):

- Consecuencias para o traballo e a organización
- Medidas preventivas

A Fatiga:

- Efectos do traballo a quendas
- Organización das quendas
- Medidas preventivas

Estrés laboral:

- Definición de tensión e tipos
- Identificación, avaliación e posibles consecuencias da tensións
- Medidas preventivas

Curso “Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público” (2 edicións)

DURACIÓN: 25 horas

MODALIDADE: Teleformación

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

OBXECTIVO: As agresións sufridas polos traballadores/as da administración Pública, por motivos da súa actividade, deben enmarcarse como situacións de risco laboral, estando regulado o marco de actuación fronte a ditas situacións na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. As ditas actuacións de acordo coa lexislación citada, deben ser corrixidas en primeiro lugar, aplicando medidas tendentes a evitar o risco cando sexa

posible ou, senón é posible, aplicando medidas preventivas que o fagan tolerable.

DIRIXIDO: Persoal que presta servizos en atención directa co público

CONTIDO:

- Introducción e obxectivos
- Concepto de violencia laboral e tipos
- Detección de persoas e situacións que poidan desembocar nunha agresión
- Técnicas para mediar cun cliente agresivo
- Medidas de prevención
- Que facer ante unha agresión

Curso: "Prevención de Riscos Laborais: Primeiros Auxilios, Loita contra Incendios e Evacuación" (4 edicións)

DURACIÓN: 12 horas

MODALIDADE: Presencial- Teórico- Práctico

OBXECTIVO: formar aos integrantes dos Grupos de Acción establecidos nos distintos centros onde se van a implantar as Medidas de Emerxencia

DIRIXIDO: A persoal funcionario/ laboral da Administración xeral da Xunta de Galicia que forma parte dos grupos de acción de cara á implantación das medidas de emerxencia nos centros de traballo programados para este ano 2019

CONTIDO:

1.- Incendio:

- Conceptos Básicos
- Axentes extintores
- Equipos de Protección contra incendios
- Prácticas con lume real: Extintores e BIES

2.- Primeiros Auxilios:

- Coñecementos Básicos
- Chamada de Socorro
- Avaliación Básica das Vítimas
- Actuacións Concretas ante Accidentes
- Práctica RCP

3.- Medidas de Emerxencia:

- Avaliación do Risco
- Medidas de Protección
- Plan de Acción
- Implantación

2º.-FORMACIÓN PROPIA DO SPRL E CUALTIS

Curso: "Prevención de Riscos Laborais: Primeiros Auxilios, Loita contra Incendios e Evacuación" (50 edicións)

DURACIÓN: 12 horas (ou 6 horas cando se trate dun curso de refresco)

MODALIDADE: Presencial- Teórico- Práctico

OBXECTIVO: formar aos integrantes dos Grupos de Acción establecidos nos distintos centros onde se van a implantar as Medidas de Emerxencia

DIRIXIDO: A persoal funcionario/ laboral da Administración xeral da Xunta de Galicia que forma parte dos grupos de acción de cara á implantación das medidas de emerxencia nos centros de traballo programados para este ano 2019

CONTIDO:

1.- Incendio:

- Conceptos Básicos
- Axentes extintores
- Equipos de Protección contra incendios

- Prácticas con lume real: Extintores e BIES

2.- Primeiros Auxilios:

- Coñecementos Básicos
- Chamada de Socorro
- Avaliación Básica das Vítimas
- Actuacións Concretas ante Accidentes
- Práctica RCP

3.- Medidas de Emerxencia:

- Avaliación do Risco
- Medidas de Protección
- Plan de Acción
- Implantación

Curso Mobilización de Pacientes para Persoal Residencias da 3ª Idade e CAPD (25 edicións).

DURACIÓN: 3 horas

MODALIDADE: Presencial. Teórico-Práctico

OBXECTIVO: Formación en materia de mobilización de pacientes

DIRIXIDO: A persoal exposto ao risco de manipulación de cargas das residencias da 3ª Idade e CAPD da Consellería de Política Social

CONTIDO:

- Dereitos e Obrigacións (Cap. III Lei de Prevención de Riscos Laborais)
- Riscos inherentes ó posto de traballo
- Tipos de manipulación de cargas
- Manipulación manual de cargas
- Manipulación mecánica de cargas
- Factores de risco na manipulación manual
- Características da carga

- Esfuerzo físico
- Características do medio de traballo
- Esixencias da actividade
- Factores individuais de risco
- Como levantar e transportar unha carga de forma manual
- As costas (Danos derivados pola adopción de posturas forzadas)

Curso de riscos derivados do posto de traballo nos centros asistenciais da Xunta de Galicia (art.19) (100 edicións)

DURACIÓN: 3 horas

MODALIDADE: Teleformación

OBXECTIVO: Coñecer os riscos derivados dos postos de traballo das diferentes categorías dos centros asistenciais da Consellería de Política Social e Xuventude.

DIRIXIDO: A persoal dos centros asistenciais da Consellería de Política Social e Xuventude

CONTIDO:

- Dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
- Riscos propios da categoría profesional.
- Actuación fronte emerxencias.

Curso de riscos derivados do posto de traballo xestión forestal e prevención de incendios (art.19) (100 edicións)

DURACIÓN: 3 horas

MODALIDADE: Teleformación

OBXECTIVO: Coñecer os riscos derivados dos postos de traballo dos postos de xestión forestal e prevención de incendios da Consellería de Medio Rural.

CONTIDO:

- Dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
- Riscos propios da categoría profesional.
- *Actuación fronte emerxencias.*

Curso de riscos derivados do postos de tarefa de campo de medioambiente natural (art.19) (100 edicións)

DURACIÓN: 3 horas

MODALIDADE: Teleformación

OBXECTIVO: Coñecer os riscos derivados das tarefas de campo de medioambiente natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

CONTIDO:

- Dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
- Riscos propios da categoría profesional.
- Actuación fronte emerxencias.

Formación para as oficinas de emprego:

Curso "Prevención de riscos psicosociais: o estrés laboral" (2 edicións)

DURACIÓN: 25 horas

MODALIDADE: Mixto

ALUMNOS POR EDICIÓN: 50

OBXECTIVO: Comprender que son os factores psicosociais, entender como poden afectar á persoa e á organización e coñecer as características e medidas de loita contra os principais tipos de danos de orixe psicosocial.

DIRIXIDO: Persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia

CONTIDO:

FACTORES DE RISCO PSICOSOCIAL:

Definicións

Síndrome do queimado (Burnout):

- Consecuencias para o traballo e a organización
- Medidas preventivas

A Fatiga:

- Efectos do traballo a quendas
- Organización das quendas
- Medidas preventivas

Estrés laboral:

- Definición de tensión e tipos
- Identificación, avaliación e posibles consecuencias da tensións
- *Medidas preventivas*

3º.-FORMACIÓN AO PERSOAL DE NOVO INGRESO

Dirixido a todo o persoal de novo ingreso (funcionarios ou laborais) na administración a través de procesos selectivos na modalidade de teleformación.

No acto de elección de destino o Servizo de Prevención de riscos Laborais infórmalle de forma individualizada ao colectivo de novo ingreso a obriga de realizar o curso formativo e o modo de realizado a través da EGAP.

O NÚMERO DE EDICIÓNS, OBXECTIVO E CONTIDO DA ACCIÓN FORMATIVA, ESTARÁ EN FUNCIÓN DO NÚMERO DE PROCESOS SELECTIVOS E TIPOLOXÍA DO PERSOAL.

INFORMACIÓN, CONSULTA E PARTICIPACIÓN DO PERSOAL TRABALLADOR

COMITÉS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Os Comités de Seguridade e Saúde Laboral constitúen os órganos especializados de consulta e participación do persoal traballador en materia de prevención de riscos laborais, a través dos/as Delegados/as de Prevención segundo establece o art.38 da Lei de prevención de riscos laborais.

Cada comité ten asignado un/unha técnico/a do Servizo de Prevención que asistirá ás reunións dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral constituídos segundo o establecido na Resolución do 29 de decembro do 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do Acordo sobre dereitos de participación do persoal da administración da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais.

INVESTIGACIÓN DE ACCIDENTES

Calquera accidente ou incidente acaecido no centro de traballo será tramitado do seguinte xeito:

O Departamento de xestión de Persoal correspondente a cada unidade administrativa ou centro de traballo comunicará inmediatamente ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, que se produciu un accidente de traballo. Isto sen prexuízo do cumprimento do parte de Declaración Electrónica de Accidentes de Traballo (DELTA).

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais, á vista da notificación, valorará a necesidade de realizar unha investigación xa que se ben é desexable a investigación de tódolos accidentes, investigaranse como mínimo:

- Os accidentes graves
- Os accidentes moi graves
- Os accidentes mortais
- Os accidentes que causen baixa laboral
- Os accidentes que afecten a máis de catro persoas traballadoras
- Leves nos que se dea algunha destas características:
 - Repetitividade (accidentes que se repiten nun mesmo centro de traballo, tres ou máis, xa sexa por causa ou por tipo de lesión no período de observación dun mes)
 - Alta representación porcentual significativa dun sexo ou outro
 - Risco de causar lesións graves

A Investigación faraa o Servizo de Prevención, en colaboración coa persoa responsable do departamento ou centro de traballo. Posteriormente elaborará un informe onde se amosarán as causas que deron lugar ao accidente e a proposición de medidas correctoras a aplicar para evitar a súa repetición. O informe quedará rexistrado na base de datos de accidentes.

O Servizo de Prevención someterá a consulta e participación do Comité de Seguridade e Saúde Laboral os accidentes acaecidos así como os resultados da investigación e das medidas correctoras propostas.

O Servizo de Prevención elaborará estatísticas anuais dos accidentes laborais, desagregadas por sexo, e levará un rexistro anual cos resultados das investigacións que incorporará a perspectiva de xénero.

ANEXO 1:

Debido á sinistralidade e peculiaridade da Consellería de Política Social e da Consellería do Medio Rural indícanse os centros específicos que se avaliarán nesas consellerías:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Centro de traballo	Localidade
AGACAL	Santiago de Compostela
Centro de Coordinación Provincial (Incendios)	
Departamento Territorial	A Coruña
Distrito Forestal II	Betanzos
Punto de Encontro de Betanzos	Betanzos
Punto de Encontro de Carballo	Carballo
Punto de Encontro de Santiso	Aranga
Punto de Encontro de Abegondo	Abegondo
Punto de Encontro de Carral	Carral
Punto de Encontro de Ledoño	Culleredo
Punto de Encontro de Carballo	Carballo
Punto de Encontro de Ortigueira	Ortigueira
Punto de Encontro das Pontes de García Rodríguez	As Pontes de García Rodríguez
Punto de Encontro de Zas	Baio
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo - CIAM	Abegondo
CIAM. Finca Marco da Curra	Monfero
Laboratorio Agrario E Fitopatolóxico de Galicia – LAFIGA	Abegondo
Oficina Rural de Corcubión	Corcubión
Base de Unidades Operativas de Rianxo	Rianxo
Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Monforte	Monforte de Lemos
Oficina de Medio Rural de Meira	Meira
Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón	Pobra de Brollón
Base de Unidade Operativa de Mondoñedo	Mondoñedo
Distrito Forestal VII. A Fonsagrada-Os Ancares	
Distrito Ambiental VII. A Fonsagrada-Os Ancares	Becerreá
Centro Formación e Experimentación Agroforestal "Pedro Murias"	Ribadeo
Base motobombas de Baltar	Baltar

Centro de traballo	Localidade
Punto de encontro motobombas Entrimo	Entrimo
Base motobombas de Lobeira	Lobeira
Base motobombas de Rairiz de Veiga	Rairiz de Veiga
Punto de encontro A Veiga	A Veiga
Distrito Forestal XI Ribeiro-Arenteiro-O Carballiño (inclúe punto de encontro)	O Carballiño
Viveiro "Os Milagros"	Maceda
Departamento Territorial	Ourense
Base aérea San Xoan de Río	S Xoan de Río
Base aérea de Támega (Verin – Oimbra)	Verin
Caseta de Vixilancia de Burgueira, Oia	Oia
Caseta de Vixilancia de Espiño Pazos	Pazos de Borbén
Caseta de Vixilancia de Galiñeiro. O Porriño	O Porriño
Caseta de Vixilancia de Montouto. A Cañiza	A Cañiza
Caseta de Vixilancia de Sanomedio, As Neves	As Neves
Caseta de Vixilancia de Candán, Forcarei	Forcarei
Caseta de Vixilancia de Coirego, Cotobade	Cotobade
Caseta de Vixilancia de San Sebastián. A Estrada	A Estrada
Caseta de Vixilancia de Xiabre, Caldas	Caldas de Reis
Caseta de Vixilancia do Morrazo, Marín	Marín
Distrito Forestal XVI	Lalín
Distrito Forestal XIX Vilagarcía	Vilagarcía
PARQUE MAQUINARIA DE BOTOS LALIN	Lalín

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Centro de traballo	Localidade
Tarefas de Campo Valoradores/as da Dependencia	
Trafas de Campo Equipos de Menores	
Residencia Asistida de Maiores De Oleiros	Oleiros
Atención Temperá - A Coruña	A Coruña
Atención Temperá - Ferrol	Ferrol
Residencia de Maiores de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos
Escola Infantil "Paradai"	Lugo
Escola Infantil "Nosa Señora do Sagrado Corazón"	Lugo
Escola Infantil de Celeiro	Viveiro
CAPD de Sarria	Sarria
Residencia de Carballiño con autonomía	O Carballiño
Centro sociocomunitario do Barco de Valdeorras	O Barco de Valdeorras
Centro sociocomunitario de Viana do Bolo	Viana do Bolo
Punto de Encontro familiar Vigo	Vigo
CAPD Redondela	Redondela
Escola Infantil Bouzas	Vigo
Escola Infantil Cabral Caeiro	Vigo
Escola Infantil Relfas	Vigo
Escola Infantil Campolongo	Vigo
Residencia Maiores Campolongo	Vigo
Punto de Encontro familiar Pontevedra	Pontevedra